

Expediente	1362/2023
Asunto	Aprobación da convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións do Concello do Rosal a entidades sen fin de lucro para a realización de actividades sociais no Concello do Rosal durante o ano 2023.
Documento	Anuncio

Anuncio de aprobación da convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións do Concello do Rosal a entidades sen fin de lucro para a realización de actividades sociais no Concello do Rosal durante o ano 2023.

A Sra. Alcaldesa do Concello do Rosal, mediante Decreto de Alcaldía de data 8 de agosto de 2023 resolveu entre outras aprobar a convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións do Concello do Rosal a entidades sen fin de lucro para a realización de actividades sociais no Concello do Rosal durante o ano 2023.

O prazo para presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, iniciándose a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

No Rosal,
A Alcaldesa



CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL DURANTE O ANO 2023

ARTIGO 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por finalidade apoiar e promover, en réxime de concorrência competitiva, a concesión de subvencións entre as entidades de carácter social sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, que desenvolven actividades para promover o benestar social dos/as cidadáns do Concello do Rosal a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, dentro do ámbito de intervención de Servizos Sociais e que se realicen durante o ano 2023.

A convocatoria e bases específicas apróbanse no marco do previsto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello do Rosal (BOP 04/08/2022), e das Bases de Execución do Orzamento do Concello do Rosal para o exercicio en curso.

1.1- As subvencións poderán ser solicitadas para financiar actividades definidas como prioritarias no marco de actuación da área de Servizos Sociais do Concello do Rosal. A tales efectos poderanse financiar os gastos das actividades enmarcadas en cada unha das seguintes áreas de actuación:

- Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas ou que se executen directamente con persoas en situación de risco/exclusión social.
- Proxectos de intervención co colectivo de persoas maiores, dependentes ou con diversidade funcional.
- Proxectos para a realización de actividades socioculturais destinadas á mellora da calidade de vida da poboación en xeral.

1.2- A entidade de carácter social solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2023 relacionadas co proxecto a subvencionar.

1.3- A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou actividades concretas e individualizadas no ano 2023 e que se definen no apartado 1.1.

ARTIGO 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias da subvención os organismos, institucións, asociacións, grupos e colectivos que:



- Non teñan fins lucrativos.
- Teñan o domicilio fiscal, sede ou oficina no Concello do Rosal, ou non tendo domicilio no termo municipal afecte a súa actividade de un modo directo á veciñanza, colectivos ou intereses do Concello.
- Desenvolvan actividades de prevención, asistencia e incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, dentro do ámbito de intervención dos Servizos Sociais e para promover o benestar dos cidadáns do Concello do Rosal.
- Que dispoñan de estrutura e experiencia que garanta a viabilidade dos proxectos.

ARTIGO 3. REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES.

Poderán solicitar axudas á presente convocatoria as entidades de carácter social, que teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa, e que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello do Rosal (só naqueles supostos de concesión de importes superiores a 3.000€, polo que non se requirirá a súa acreditación ata o momento da xustificación da subvención).
- Non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na LXS.
- Que esta entidade teña debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou teña solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou renuncia por escrito ás xustificacións pendentes.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade.
- Estar dada de alta no Rexistro Municipal de Asociacións ou tramitar a súa solicitude de inscrición antes de finalizar o período de presentación de solicitudes da subvención de referencia. Pódese tramitar a alta a través do seguinte enlace <https://orosai.sedelectronica.es> seguindo os pasos indicados a continuación: Inicio > Catálogo de trámites > Rexistro Municipal de Asociacións do Concello do Rosal.

En caso de non cumprir algún dos requisitos indicados en tempo e forma, quedarán excluídas como entidades solicitantes, o que se fará constar na correspondente resolución.

ARTIGO 4. FINANCIAMENTO DA CONVOCATORIA



A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria nº 23100/48000– Transferencias a Asociacións de carácter social do exercicio orzamentario do ano 2023 que conta con un orzamento total de 10.000,00 €.

ARTIGO 5. CONTÍA E LÍMITES

As entidades beneficiarias poderán recibir como máximo o 80% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables (IVE incluído, cando non sexa deducible).

O importe a conceder será unha contía fixa en función da clasificación derivada dos puntos obtidos por cada asociación, de conformidade coa táboa seguinte, e sempre que de conformidade co orzamento proposto se respecte a porcentaxe máxima prevista na base nº 5. Doutra forma axustarase a dita porcentaxe máxima.

CLASIFICACIÓN (Orde de puntuación)	CONTÍA A CONCEDER (€)
1º	2.000
2º	2.000
3º	2.000
4º	1.500
5º	1.500
6º	1.000

En caso de empatar dúas ou mais asociacións co mesmo número de puntos, en posicións ás que lle correspondería diferente contía económica, ou ben na última posición, será calculada a contía media, que se concederá a cada unha das afectadas polo empate. Isto producirase en calquera das seguintes situacións:

- Obteñen a mesma puntuación asociacións ás que pola orde de puntuación lles corresponderían contías diferentes segundo a táboa anterior.
- Obteñen a mesma puntuación asociacións clasificadas no último lugar con dereito a subvención.

ARTIGO 6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

As entidades de carácter social que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo empregando o trámite habilitado ao efecto na sede electrónica do Concello, CODIGO SIA 2448084, debendo achegar a seguinte documentación, dispoñible en <https://orosai.sedelectronica.es/catalog/t/5cb2952f-00f1-4b3f-840e-58f3b11bd7> :

- **Anexo I.** Modelo de *Solicitud da subvención*.
- **Anexo II.** Modelo de *Memoria da actividade a subvencionar*.



- **Anexo III.** Modelo de *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante para as relacións co Concello*

- **Anexo IV.** Modelo de *declaración responsable* da persoa representante da Entidade, nomeado a efectos de relacionarse co Concello, que abranguerá:

- ☐ Non ter a asociación fins de lucro

- ☐ Estar ao corrente nas obrigas tributarias con: AEAT; Xunta de Galicia; Concello do Rosal e Seguridade Social. **No caso de** que finalmente se propoña a concesión dunha axuda por **importe superior a 3.000**, a entidade deberá complementar a declaración cos correspondentes certificados acreditativos, nos termos do art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

- ☐ Non incorrer en causas de incompatibilidade para percibir a subvención, tal como se establece nestas bases no artigo 3, e aceptación íntegra das bases, especialmente respecto do referido no artigo 14 no caso de resultar beneficiaria.

- ☐ Someterse ás actuacións de comprobación pertinentes, aportando tanta información sexa requirida no exercicio de ditas actuacións. Solicitarase unha unha táboa onde se especifiquen os seguintes datos en relación aos/ás usuarios/as participantes da actividade subvencionada do ano 2023 a efectos de comprobación da repercusión real e efectiva de dita actividade no termo municipal do Rosal (previa comprobación no padrón municipal de habitantes) e da valoración axeitada para a resolución da concesión da subvención presente:

- Letras iniciais do nome e apelidos.

- DNI

- **Resto de documentación indicada no anexo I**

(Ou referencia ao expediente no que se achegou previamente ao Concello, no caso de que xa constaran).

- ☐ Copia de CIF da asociación e NIF do representante

- ☐ Copia dos estatutos da asociación

ARTIGO 7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **15 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de Pontevedra, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Esta convocatoria publicárase, asemade, na sede electrónica do Concello.



As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica do Concello mediante o trámite habilitado ao efecto.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

ART. 8. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

O órgano instrutor do procedemento será a Técnica de Servizos Sociais.

A instrución do procedemento de concesión comprenderá entre outras as seguintes actividades:

- a. – Comprobación das solicitudes presentadas, e requirimentos de emenda, cando corresponda.
- b. – Informe sobre cumprimento de requisitos e proposta de resolución previa á resolución definitiva de Alcaldía.
- c.- Actuar como poñente na Comisión técnica de avaliación.
- d.- Informe sobre as xustificacións presentadas e requirimentos de emenda, cando corresponda.

ARTIGO 9. SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na presente convocatoria requiriráselle a entidade interesada que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución do Concello de acordo co establecido no artigo 68 da LPACAP, considerarase desistida.

ARTIGO 10. COMISIÓN TÉCNICA DE AVALIACIÓN.

A comisión técnica de avaliación será o órgano encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

- Presidenta: Alcaldesa do Concello do Rosal, ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - o Concelleira de Servizos Sociais.
 - o Traballadora dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais ou persoa que a substitúa.



- Secretario/a: funcionario/a titular da Secretaría ou empregado en quen delegue, con voz e sen voto

Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no punto seguinte.

A comisión de valoración constituirase na sede do Concello do Rosal. O seu funcionamento rexerase polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

ARTIGO 11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión técnica de avaliación terá en conta os seguintes criterios:

Repercusión no municipio téndose en conta o número de **participantes usuarios/as directos/as residentes no Rosal** no ano 2023 por proxecto de acordo coa seguinte táboa:

Participantes	Puntuación
Menos de 1	0
Entre 1 e 4	5
Entre 5 e 25	10
Máis de 26	15

Duración mensual das actividades a realizar de acordo co seguinte baremo:

Duración mensual	Puntuación
Máis de 100 horas	40
Entre 51 e 100 horas	30
Entre 21 e 50 horas	20
Entre 11 e 20 horas	10
Menos de 11 horas	0

Tipo de proxecto de acordo co seguinte baremo:

Proxecto	Puntuación
Proxectos de intervención co colectivo de persoas maiores, dependentes o con diversidade funcional	



	40
Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas ou que se executan directamente con persoas en situación de risco/exclusión social.	20
Proxectos para a realización de actividades socioculturais destinadas a poboación en xeral	10

Presentación, contido e calidade técnica da **memoria**

Memoria do proxecto	Puntuación
Proxectos fundamentados, cunha estrutura interna clara, coherente e con repercusión social	15
Proxectos definidos de maneira xeral sen desenvolver polo miúdo, pero que conteñen os aspectos máis importantes do proxecto	10
Proxectos definidos dunha maneira indicativa pero da que se deduza a súa viabilidade	5

Continuidade do proxecto

Continuidade	Puntuación
Se o proxecto prevé a continuidade	10
Se o proxecto non prevé continuidade	0

Promoción da **igualdade de xénero**

Promoción da igualdade de xénero	Puntuación
Se o proxecto contempla a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero. Ademais de empregar unha linguaxe inclusiva e non sexista na planificación e desenvolvemento das súas actividades.	5

Promoción da **lingua galega**

Promoción da lingua galega	Puntuación
----------------------------	------------



Se o proxecto promove o uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación da entidade	5
---	---

ARTIGO 12. RESOLUCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

A Comisión técnica de avaliación analizará e avaliará as propostas tendo en conta os criterios que figuran no artigo 10 das presentes bases.

Notificarase á entidade solicitante a proposta de resolución provisional, outorgándose un **prazo de audiencia de 10 días hábiles para presentar alegacións**. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas na súa solicitude. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

No prazo outorgado para o trámite de audiencia, e para aquelas entidades para as que se propoña a concesión dunha **axuda por importe superior a 3.000 euros**, esixirase tamén a presentación daqueles **certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias** coa AEAT; Xunta de Galicia; Concello do Rosal e Seguridade Social, no caso de que non os tivera achegados no momento da solicitude.

A Alcaldía, á vista da proposta de resolución realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada notificarase por medios electrónicos e conterà, ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

En todo caso procederase a ditar resolución de outorgamento da subvención no prazo **máximo de dous meses** a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

Contra a resolución, que pon fin a vía administrativa, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

ARTIGO 13. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

As entidades beneficiarias, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de



comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará tanta información lle sexa requirida.

ARTIGO 14. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Empregar o distintivo do Concello do Rosal en tódalas actividades e comunicacións que promovan (publicacións, carteis, rótulos, etc.).
- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.
- Colaborar na organización de calquera actividade da natureza semellante á subvencionada que lle sexa requirida polo Concello do Rosal.
- Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e prazos de execución e máis a xustificación dos correspondentes gastos.
- Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.

ARTIGO 15. FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125 % do importe de subvención concedida.

A estes efectos, distínguense:

- O importe de gastos a detallar individualizadamente na conta xustificativa, e dos que se deberán achegar xustificantes de pago e gasto non poderán ser inferiores a dito 125% da subvención concedida.
- O importe de gasto total da actividade, a declarar no Anexo VI, sen precisar desglose (pero que deberá estar a disposición do Concello se o



requirise), non poderá ser inferior ao total do financiamento público da actividade.

Os pagos a terceiros realizaranse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Non se aceptarán pagos en efectivo.

Deberá realizarse e acreditarse difusión do financiamento municipal.

O proxecto cuxa execución se xustifica non deberá desviarse sensiblemente daquel para o que se concedeu a subvención, debendo manterse a esencia da súa finalidade.

O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e **previa xustificación dos gastos subvencionables**, mediante a **presentación da seguinte documentación**, que estará dispoñible na sede electrónica, con CODIGO SIA 2927692, a través do seguinte enlace: <https://orosai.sedelectronica.es/catalog/tw/d64e4732-fec2-4a4e-95be-52d1c4ed1e7f>

- o **ANEXO V:** Modelo de instancia PRESENTACIÓN da xustificación da subvención
- o **ANEXO VI:** MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DE FINALIDADE SUBVENCIONADA E OUTROS INGRESOS.
- o **ANEXO VII:** MODELO DE MEMORIA DE RESULTADOS acreditativa da actuación finalmente realizada, que incorporará entre outros elementos reportaxe fotográfica e descrición das principais desviacións respecto do proxecto presentado na solicitude de subvención.
- o **ANEXO VIII:** MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA (detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago).
 - o Copia dos xustificantes de gasto (Facturas, nóminas, etc) dos gastos incluídos na conta xustificativa.
 - o Copia dos xustificantes de pago (transferencias bancarias, cheques, etc) dos gastos incluídos na conta xustificativa.
 - o Documento probatorio (contextualizado) da difusión da colaboración do Concello. (Proposta de modelo en **Anexo IX**).
 - o Certificado bancario de titularidade da conta indicada para o pago da subvención.
 - o (Só se se tivesen esixidos previamente e perda vixencia algún dos presentados no momento da solicitude ou aceptación da proposta de resolución) Certificados de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias con: AEAT; Xunta de Galicia; Seguridade Social; Concello do Rosal.

ARTIGO 16. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 31 de xaneiro de 2024.

Porén, os gastos imputables serán os efectivamente pagados dentro do ano 2023.



Para evitar a demora no recoñecemento da obriga e pago da subvención propia do cambio de exercicio orzamentario, recoméndase que a xustificación completa sexa presentada antes do día 10 de decembro de 2023.

ARTIGO 17. REINTEGRO DE SUBVENCÍONS.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as demais das expresamente citadas, as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ARTIGO 18. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

ARTIGO 19. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

En todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo o A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello do Rosal (BOP 04/08/2022)
- As Bases de Execución do Orzamento do Concello do Rosal para o exercicio en curso.
- Plan Estratéxico de subvencións do Concello do Rosal o Demais lexislación vixente en materia de subvencións públicas e de procedemento administrativo.

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

No Rosal,



A Alcaldesa,

Ánxela Fernández Callís

(Documento asinado electrónicamente)

ANEXO I: SOLICITUDE

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	
Domicilio social:			
Teléfono:		Correo-e	
REPRESENTANTE LEGAL / PRESIDENTE			
Nome:			
Cargo:		NIF:	

SOLICITA a subvención, cos criterios establecidos nas bases da convocatoria, das actividades relacionadas no Anexo II correspondente á memoria de actividade, para o cal presenta a seguinte documentación :

- **Anexo II:** Modelo de *Memoria da actividade a subvencionar*
- **Anexo III:** Modelo de *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante para as relacións co Concello.*
- **Anexo IV:** Modelo de *Declaración responsable do representante da Entidade nomeado a efectos de relacionarse con este Concello*
- Copia de CIF da asociación e NIF do representante
- Copia dos estatutos da asociación





LUGAR DE CELEBRACIÓN

CALENDARIO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA	
Data de inicio	
Data de finalización	
Horarios da actividade	
Nº de horas semanais	
Material a utilizar	

NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES (*)	
☐ Entre 1 e 4	☐ Entre 5 a 25 ☐ Máis de 26
DURACIÓN MENSUAL DA ACTIVIDADE	
☐ Menos de 11 horas	☐ Entre 11 e 20 horas
☐ Entre 21 e 50 horas	☐ Entre 51 e 100 horas
☐ Máis de 100 horas	

DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS E INGRESOS:

CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
Total Gastos:	

CONCEPTO DE INGRESOS	IMPORTE
Outras subvencións de entes públicos (Datos estimados á data de solicitude. O importe definitivo indicárase no Anexo VI no momento da xustificación)	
Achegas propias da entidade solicitante	
Subvención solicitada ao Concello do Rosal	
Total Ingresos (esta cantidade deberá coincidir co total de gastos)	



TIPO DE PROXECTO (A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)

- | |
|--|
| ☐ Proxectos de intervención co colectivo de persoas maiores, dependentes ou con diversidade funcional |
| ☐ Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas ou que se executan directamente con persoas en situación de risco/exclusión social. |
| ☐ Proxectos de intervención no ámbito das drogo-dependencias |
| ☐ Proxectos para a realización de actividades socioculturais destinadas a poboación en xeral |

(*) Deberase adxuntar unha táboa onde se especifiquen os seguintes datos en relación aos/ás usuarios/as participantes da actividade subvencionada do ano 2023 a efectos de comprobación da repercusión real e efectiva de dita actividade no termo municipal do Rosal (previa comprobación no padrón municipal de habitantes) e da valoración axeitada para a resolución da concesión da subvención presente:

- Letras iniciais do nome e apelidos.
- DNI

Todo o solicitado é sen prexuízo do posible requerimento de aclaración por parte do Concello do Rosal.

Se obriga ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En _____ a _____ de _____ de 202

Cargo:

Asdo:



ANEXO III: CERTIFICACIÓN DE ACORDO DE SOLICITUDE, NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE E NÚMERO DE SOCIOS

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

En cumprimento das bases da convocatoria,

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	

SECRETARIO			
Nome:		NIF:	

CERTIFICA:

Que esta Entidade acordou a solicitude de subvención polas actividades indicadas facéndose constar **órgano e data do acordo**:

--

O **número de socios** desta entidade nesta data é de _____ socios.

Que esta entidade ten **debidamente xustificadas** as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou renuncia a presentar as xustificacións pendentes.



E para que conste os efectos oportunos, asino a presente

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En a de de 20

Vº e Pr.
O/a Presidente/a

O/A Secretario/a da entidade:

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

En cumprimento das bases da convocatoria,

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	
PRESIDENTE			
Nome:		NIF:	

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1. A Asociación carece de fins de lucro.
2. Compre tódolos requisitos para obter a condición de beneficiaria nos termos do artigo 3 das bases.
3. Aceptar expresamente as obrigas referidas no artigo 14 das bases, no caso de ser beneficiario.
4. Someterse ás actuacións de comprobación pertinentes, aportando canta información sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
5. Está ao corrente nas obrigas tributarias con: AEAT; Xunta de Galicia; Concello do Rosal e Seguridade Social. **Só no caso de que finalmente se propoña a concesión dunha axuda por importe superior a 3.000 euros,** a entidade complementará a presente declaración cos correspondentes certificados acreditativos.



6. As axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar:

AXUDA	CONTÍA

7. Se compromete a comunicarlle ao Concello do Rosal as que obteñan nun futuro.

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En a de de

Cargo:

Asdo:

ANEXO V: MODELO DE PRESENTACIÓN DE XUSTIFICACIÓN

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	
PRESIDENTE			
Nome:		NIF:	

En cumprimento co establecido polas bases da convocatoria e unha vez concedida a subvención e realizado o obxecto da mesma, procédese á aportar os documentos xustificativos da actuación. (Sinale cunha "X" os documentos aportados para a xustificación):

- o **ANEXO VI: MODELO DE CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DE FINALIDADE SUBVENCIONADA E OUTROS INGRESOS.**
 - o **ANEXO VII: MODELO DE MEMORIA DE RESULTADOS:** acreditativa da actuación finalmente realizada, que incorporará entre outros elementos reportaxe fotográfica e descrición das principais desviacións respecto do proxecto presentado na solicitude de subvención.
 - o **ANEXO VIII: MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA** (detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago).
- Copia dos **xustificantes de gasto** (Facturas, nóminas, etc) dos gastos incluídos na conta xustificativa.



- Copia dos **xustificantes de pago** (transferencias bancarias, cheques, etc) dos gastos incluídos na conta xustificativa.
- Documento probatorio (contextualizado) da **difusión** da colaboración do Concello. (Proposta de modelo en Anexo IX).
- **Certificado bancario** de titularidade da conta indicada para o pago da subvención.
- (**Só se se tivesen esixido previamente e perdera vixencia** algún dos presentados no momento da solicitude ou aceptación da proposta de resolución) Certificados de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias con: AEAT; Xunta de Galicia; Seguridade Social; Concello do Rosal.

Solicitando que unha vez realizadas as comprobacións oportunas se proceda ao pago da subvención correspondente no seguinte número de conta do que se achega certificado de titularidade bancaria. IBAN _____

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En a de de

Cargo:

Asdo:

ANEXO VI: MODELO DE CERTIFICACIÓN CUMPRIMENTO DE FINALIDADE SUBVENCIONADA E OUTROS INGRESOS

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	
SECRETARIO			
Nome:		NIF:	

CERTIFICA:

1.- Que na convocatoria de referencia lle foi concedida á asociación unha subvención polo Concello do Rosal nos seguintes termos:

Importe:	
Finalidade:	

2.- Que para estes mesmos fins obtivéronse, ademais, as seguintes subvencións ou axudas económicas:

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE



	TOTAL:	

o Non obtivo ningunha outra subvención.

3.- Que se cumpriron as finalidades da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

4.- Que se realizou un **gasto total** no proxecto subvencionado de _____ euros.

(Este importe, sen precisar desglose, non deberá ser inferior ao total do financiamento público da actividade)

5.- Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para cada actividade/investimento non superaron o importe total dos gastos devengados.

6.- Que a entidade subvencionada declara que o IVE que expresan as facturas xustificativas:

() NON ten carácter deducible para a entidade, a efectos de consideralo subvencionable.

() SI ten carácter deducible para a entidade

E para que conste os efectos oportunos, asino a presente

7.- Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello na actividade/investimento subvencionada, segundo o esixido nas bases.

8.- Esta entidade/asociación está ó corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En a de de

Vº e Pr.

O/A Secretario/a da entidade.

O/a
Presidente/a

O/A representante



ANEXO VII: MODELO DE MEMORIA DE RESULTADOS

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL

ASOCIACIÓN:

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

PERÍODO DE EXECUCIÓN:

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN REALIZADA:



RESUMO ECONÓMICO (sucinta indicación de ingresos e gastos):

DESCRIPCIÓN/VALORACIÓN DOS RESULTADOS ACADADOS:

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En _____ a _____ de _____ de 202__

Cargo:

Asdo:

ANEXO VIII: MODELO DE CONTA XUSTIFICATIVA

CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL DURANTE O ANO 2022

ASOCIACIÓN			
DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE			
Nome:			
Cargo:		NIF:	

DECLARA, que para a realización da actividade/investimento (indicar denominación):

a. Realizou os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

RELACIONES DOS GASTOS EFECTUADOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

Proveedor/ empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Importe	Importe imputado á	Data emisión	Data de pago
-----------------------	-----	---------------	----------	---------	-----------------------	-----------------	-----------------



Category	Value
Category 1	10
Category 2	20
Category 3	30
Category 4	40
Category 5	50
Category 6	60
Category 7	70
Category 8	80
Category 9	90
Category 10	100
TOTAL	500



O importe total de gastos a detallar individualizadamente na conta xustificativa, e dos que se deberán achegar xustificantes de pago e gasto non poderán ser inferiores ao 125% da subvención concedida.

b. Que se achega a copia de facturas polo importe esixido nas bases e que o resto dos xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade e a disposición do Concello para o seu exame.

c. Que os gastos que arriba se detallan son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e no seu caso foron reflectidos nos libros contables da entidade

LUGAR, DATA, CARGO E SINATURA

En a de de

Cargo:

Asdo:

ANEXO IX: MODELO/PROPOSTA DE IMAXE PARA ACREDITACIÓN DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

PROPOSTA DE CARTEL a incluír no lugar da actuación:

CONCELLO

ROSAL

SUBVENCÍONS DO CONCELLO DO ROSAL A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS NO CONCELLO DO ROSAL DURANTE O ANO 202_.

Denominación: XXX
Orzamento: XXX €
Subvención: XXX €





PROPOSTA DE LOGO a incluir en medios de difusión da actuación:

